

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2026/17	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	17 de abril de 2026
Duración	Dende as 13:27 ata as 13:50 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 10.04.2026****Concello de Silleda**

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

Favorable**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 10 de abril de 2026.

Expediente 1632/2024. Servizos Sociais. Actualización módulo financiamento SAF**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da coordinadora de Servizos Sociais con data 13 de abril, no que se pon de manifesto a apertura do procedemento por parte da Xunta e a fundamentación para adherirnos á mesma.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a sinatura da manifestación de vontade de que o Concello de Silleda se acolle ao incremento de aportación autonómica previsto en el segundo parágrafo do punto 1 do apartado A) o anexo III do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación, e remitir a mesma ao órgano correspondente.

Expediente 26/2019. Convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e AFAPO para este ano 2026**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social, con data 09 de abril de 2026, no que se indica a necesidade de contar cunha actividade dirixida a estes doentes de cara á prevención da enfermidade e á redución do síntomas da mesma.

Vista a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda.

Vista a aprobación inicial do Plan Estratéxico de Subvencións nominativas, para este ano 2026.

Visto o informe da Subvención Nominativa, con data 14 de abril de 2026.

Visto o informe de intervención, con data 16 de abril de 2026.

Visto o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e AFAPO para este ano 2026:

"CONVENIO REGULADOR

En Silleda, na data das sinaturas electrónicas .

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Paula Fernández Pena, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Silleda , asistido pola Secretaria Xeral do mesmo, que da fe do acto, e

*Doutra parte, D., José Manuel Fontenla Redondo, con DNI número 35*** - F, como representante legal da entidade Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer y otras demencias de la Pontevedra en adiante, AFAPO", con NIF número G - 36461697*

INTERVEÑEN

Dna. Paula Fernández Pena, na súa condición de Alcaldesa-Presidenta do Concello de Silleda, no exercicio das facultades de representación atribuídas de conformidade co disposto no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

D. José Manuel Fontenla Redondo, actuando en representación de AFAPO, segundo así resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

Ambas as dúas partes recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

MANIFESTAN

PRIMEIRO. *Que AFAPO é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como obxecto principal prestar atención social específica ás familias e persoas que padecen Alzheimer e outras demencias.*

De acordo cos seus estatutos, os fins básicos de AFAPO son, entre outros, a promoción de actuacións e programas destinados a mellorar a situación das familias e a atención ás persoas enfermas, defender os seus dereitos, reclamar das autoridades e organismos públicos a creación dunha infraestrutura de apoio e de centros específicos, desenvolver actividades de difusión e sensibilización social.

SEGUNDO. *Que, dentro deses programas, conta cun programa de " Intervención integral a persoas con Alzheimer e as sus familias cuidadoras", que inclúe unha serie de obradoiros que teñen como obxectivos específicos manter as capacidades mentais e funcionais o máximo tempo posible, evitar a desconexión e fortalecer as relacións sociais, facilitar un descanso ós cuidadores e/ou familiares e mellorar o seu estado emocional.*

TERCEIRO. *Que o Concello de Silleda é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas no Concello que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida; recursos que constitúen un complemento dos servizos sociais dos que dispón o Concello de Silleda*

CUARTO. Que de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Legal, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar todos aqueles servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, ostentando en todo caso competencias en materia de Cultura, Deportes, Servizos Comunitarios e Sociais etc., de acordo coa definición concreta que a tal efecto realice a lexislación sectorial reguladora dos diferentes campos de actividade pública.

QUINTO. Que ademais do anterior, de conformidade co artigo 28 do mesmo texto legal, os municipios poden realizar actividades complementarias das propias doutras administracións públicas, en particular polo que se refire á cultura, á promoción da muller, á educación, á vivenda, á sanidade e á protección do medio ambiente.

SEXTO. Que a satisfacción dos intereses xerais nos campos a que anteriormente se sinalou, contribúe dunha maneira fundamental á iniciativa privada, en particular, á de aquelas entidades particulares que as súas actividades sexan de utilidade e/ou interese público ou social, e veñan a complementar os servizos prestados por esta Administración.

SÉTIMO. Que dentro das formas da actividade das administracións públicas, a de fomento das actividades dos cidadáns que son de interese público e/ou social e complementarias dos servizos municipais, é de fundamental importancia, xa que en lugar de substituír a acción libre destes, coadxuva a que o citado campo de actividade permaneza no sector privado, coa axuda e colaboración da Administración na consecución, de acordo coa filosofía orientadora do noso sistema constitucional.

OCTAVO. Que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoveranse mediante o outorgamento de subvencións que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou

calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

NOVENO. Que a entidade AFAPO, comprométese o: **Desenvolvemento do Programa “Intervención Integral a Persoas con Alzheimer e familias cuidadoras ” no Concello de Silleda** cos obxectivos adestrar capacidades funcionais e cognitivas do enfermo.

DÉCIMO. Que AFAPO comprométese tamén a:

1. Aceptar ós beneficiarios (enfermos) que sexan derivados polos Servizos Sociais do Concello.
2. Que as actividades sexan impartidas por técnicos especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do Programa suxeitándose ás condicións laborais vixentes.
3. Que, no caso de ter que realizar os obradoiros de xeito telemático, enviará a través dos medios establecidos polo Concello de Silleda os exercicios individualizados para cada participante. Ademais, poñerá a disposición desta entidade un psicólogo para poder realizar terapias individuais aqueles usuarios e usuarias que o precisen.
4. Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Por estas razóns, con fin de conseguir o citado obxectivo, ambas partes, ao amparo do disposto pola lexislación vixente, concertan este convenio de acordos cos seguintes

COMPROMISOS

PRIMEIRO. OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto regular o réxime das obrigas derivadas da participación municipal no financiamento do proxecto promovido pola entidade AFAPO , relativo a súa participación nas actividades sinaladas no apartado noveno e décimo do apartado anterior e o mantemento da mesma, cun custe total de 20.000,- €

SEGUNDO. COMPROMISOS MUNICIPAIS

Como colaboración na realización do citado proxecto, o Concello de Silleda comprométese, en virtude do presente convenio, a participar no financiamento cunha subvención de 20.000.- €.

En concreto, subvencionaranse 30 prazas para usuarios derivados polos Servizos Sociais seguindo o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan, polo tanto, seren obxecto de estimulación.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións

non poderá superar o da actividade subvencionada.

A corporación municipal comprométese asemade a aportar un local que reúna as características e autorizacións administrativas necesarias para a prestación do servizo, así como a satisfacer os importes das facturas de luz, auga, gas, teléfono fixo e internet que xere a actividade subvencionada.

Así mesmo, de ter que realizar as actividades de xeito telemática modificando a metodoloxía de execución dos obradoiros, o Concello de Silleda será o responsable de facer chegar os exercicios individualizados aos usuarios e usuarias participantes.

TERCEIRO. FORMA DE PAGO

Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

A asociación percibirá o importe da subvención concedida seguindo o calendario de pagos que figura a continuación,

CALENDARIO DE PAGOS		
FITO	DATA	IMPORTE
Inicio da actividade	Data da sinatura do Convenio	6.666,67 €
Realización do 50% da actividade	Agosto 2026	6.666,67 €
Finalización da actividade	Decembro 2026	6.666,66 €

O abono dos referidos importes realizarse dentro dos 30 días posteriores ás datas reflexadas no calendario de pagos de acordo co previsto no artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

De xeito excepcional poderanse realizar pagos a conta previa xustificación do gasto efectuado no xeito establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

CUARTO. OBRIGAS DO BENEFICIARIO DA SUBVENCIÓN

O beneficiario da subvención, pola súa parte, comprométese, en virtude do presente convenio, a:

- 1.- Destinar a subvención municipal á finalidade pactada*
- 2.- A facer constar nos carteis e outros o escudo do Concello e a lenda "Subvenciona Concello de Silleda"*
- 3.- A asumir o compromiso de levar o mantemento da entidade*

4.- A realizar as actividades que se citan no apartado quinto,

5.- Proceder á devolución, total ou parcial da subvención, no caso de que o proxecto non se leve a efecto ou non se execute integramente, e a xustificar a aplicación da mesma nos termos previstos no compromiso sexto do presente documento.

Asemade, a entidade AFAPQ, comprométese a cumprir e facer cumprir tódalas obrigas legais ó longo de tódalas fases do convenio, en particular as obrigas derivadas do procedemento de concesión e xestión, do reintegro e do control financeiro, con coñecemento e sometemento ao réxime de infraccións e sancións correspondente.

QUINTO. VIXENCIA

O prazo de duración do presente convenio será dende o inicio da execución da actividade ata o 16 de Decembro de 2026.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN

Para xustificar o cumprimento das condicións establecidas na concesión da subvención, o beneficiario ten que aportar a seguinte documentación:

- Memoria da actividade subvencionada, especificando o grado de logro dos seus obxectivos.
- Xustificación económica consistente no balance económico da actuación subvencionada, coa desagregación de todos os gastos e ingresos xerados no marco do desenvolvemento da actividade. Os gastos teñen que acreditarse mediante facturas o outros documentos de valor probatorio equivalente. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo a IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

A xustificación terá que ser presentada no prazo de 3 meses, a contar dende a data de finalización da actividade subvencionada.

Se por motivos excepcionais non se puidese presentar a xustificación dentro de este prazo, o beneficiario poderá solicitar a súa ampliación. Esta solicitude deberá realizarse por escrito e terá que ser presentada antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior. Nesta solicitude alegaranse os motivos que impiden presentar a xustificación dentro do prazo establecido. Á vista desta solicitude, e en función dos motivos alegados, o órgano competente poderá conceder a ampliación do prazo para presentar a xustificación.

SÉTIMO. CAUSAS DE EXTINCIÓN

O presente convenio extinguirase:

- a).- Polo cumprimento íntegro do seu obxecto.
- b).- Por incumprimento de calquera das cláusulas deste Convenio.

OCTAVO. INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN

A xurisdición contenciosa será a competente para o coñecemento de calquera cuestión relacionada co presente convenio de colaboración.

NOVENO. LEXISLACIÓN APLICABLE

En todo o non previsto neste Convenio, estarase ó disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

E para que así conste, como proba de conformidade, ámbalas partes firman o presente documento por exemplar duplicado e a un solo efecto, no lugar e data sinalados no encabezamento. Dou fe.

A ALCALDESA
Ante min, A SECRETARIA"

O BENEFICIARIO

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar o Convenio regulador transcrito anteriormente coa Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias da provincia de Pontevedra (AFAPO) para desenvolver ao longo do ano 2026.

Segundo.- Aprobar o abono de 20.000 € (distribuídos en tres pagos ao longo do ano, tal e como marca o convenio) á citada asociación para o desenvolvemento do programa, realizando dous primeiros aboamentos coa consideración de pagos anticipados no xeito establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Terceiro.- Dar conta desta resolución no próximo Pleno da Corporación que se celebre.

Expediente 1884/2025. Contratacións. REHABILITACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SILLEDA, RECINTO FERIA DE SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o proxecto redactado por Ismael Ameneiros + Santiago Rey | HH arquitectos denominado: Proyecto de ejecución para la rehabilitación y mejora de la accesibilidad de la escuela municipal de música de Silleda con presupuesto base de licitación de 980.645,36€ (IVE incluído).

Vista a Resolución de CONCESIÓN de subvención ao concello de Silleda, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte, por importe de 445.092,89€, ao abeiro da ORDE do 10 de abril de 2025 pola que se establecen os criterios de distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado á realización de investimentos en infraestruturas municipais de

carácter estratéxico, previsto na letra i) do artigo 60.catro da Lei de orzamentos xerais para 2025 (código de procedemento PR486E).(DOGA núm. 75, do 21 de abril)

Vista a solicitude de subvención, por importe 553.581,47€, presentada polo Concello de Silleda a través do Plan Provincia Extraordinaria da Deputación de Pontevedra.

Vista a acta de trazado previo que figura no expediente de solicitude da subvención (1588/2025).

Visto o informe técnico emitido o 29/09/25, que obra no expediente, relativo ás afeccións sectoriais.

Vista a autorización sectorial incorporada ao expediente, consta presentada solicitude de autorización e aprobada por acordo, da *Agencia Estatal de Seguridad Aérea en materia de Servidumbres Aeronáuticas*, no que se autoriza a actuación de *rehabilitación y mejora de la accesibilidad de la escuela municipal de música de Silleda*, respectando o cumprimento das condicións establecidas na mesma.

Visto o informe positivo de supervisión do proxecto emitido polo Servizo de asistencia intermunicipal SAIM da Deputación de Pontevedra

Visto o informe técnico emitido o 3/12/2025, relativo ao cumprimento do planeamento en vigor, afeccións sectoriais e informe de supervisión.

Visto o informe xurídico redactado por la Secretaria municipal, asinado o 14 de xaneiro de 2026.

Visto o Informe de Intervención, asinado o 14 de xaneiro de 2026.

Visto o proceso de licitación pública que conclúe coa seguinte acta da mesa de contratación:

“Expte. - 1884/2025. “REHABILITACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SILLEDA, RECINTO Ferial DE SILLEDA”.

Na casa consistorial do Concello de Silleda, o 13 de marzo de 2026 ás 14,30 horas,

Tipo de contrato: *Contrato de obras*

Forma de adxudicación: *Procedemento aberto. Tramitación anticipada.*

Obxecto do contrato: ***“REHABILITACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SILLEDA, RECINTO Ferial DE SILLEDA”***

Membros asistentes:

PRESIDENTE

D^a. Paula M^a Fernández Pena, Alcaldesa, que se abstén de calquer tipo de decisión no referente á licitación por formar parte do órgano de contratación.

VOCAIS

Dona Déborah García Suárez, secretaria da Corporación.

D. Leopoldo Moure Dopico, interventor da Corporación.

D. Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL da Corporación

SECRETARIO

D. Julio Méndez Castro, administrativo da Corporación.

En data 13 de febreiro de 2026, queda a Mesa constituída, e declara admitidas as seguintes proposicións:

- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U., con C.I.F. N.º B-94181807
- CRUZVAL OBRAS Y SERVICIOS, S.L., con C.I.F. N.º B-32152068
- MERAKI CR, S.L., con C.I.F. N.º B-06909501

Ao non formularse ningunha reclamación, procédese á apertura do sobre “A”, que contén a documentación administrativa.

Unha vez realizada a apertura do sobre “A”, obsérvanse as seguintes deficiencias:

- MERAKI CR, S.L.: Non cumpre co punto 25 do Anexo 1 do Prego de Cláusulas Administrativas: “CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA”, debendo presentar un certificado de ROLECE actualizado para xustificación da clasificación esixida.

Por elo a Mesa de contratación acorda requirir o licitador que presenta deficiencias na documentación do sobre “A”, para que no prazo de TRES DÍAS HÁBILES, segundo establece a cláusula 25 do PACP, procedan a súa enmenda, requirimento realizado mediante escrito con Rexistro de Saída n.º 2026-S-RE-192, de data 13 de febreiro de 2026.

Con data 18 de febreiro de 2026, Rexistro de Entrada 2026-E-RE-230, o licitador MERAKI CR, S.L, presenta o seguinte escrito que se transcribe:

“DECLARACIÓN RESPOSABLE DE SOLVENCIA MEDIANTE MEDIOS EXTERNOS

Don RUBÉN FERRERO PÉREZ, con DNI/NIF nº 71035945P en representación de la empresa MERAKI CR, S.L. , con CIF B06909501 y domicilio fiscal en calle FRANCISCO AÑÓN nº 3, CAMBRE provincia de A CORUÑA, en relación con el requerimiento en el expediente de licitación 1884/2025 “REHABILITACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SILLEDÁ, RECINTO FERIAL DE SILLEDÁ, PONTEVEDRA”, por el que se solicita aclaración respecto al cumplimiento de los requisitos de clasificación del contratista.

DECLARO:

Que esta empresa ha previsto recurrir a la solvencia y medios de otras entidades para la ejecución del contrato.

Confirmamos, por lo tanto, nuestra voluntad de justificar a la solvencia mediante medios externos, comprometiéndonos, de ser adjudicatarios, a aportar la documentación acreditativa correspondiente, así como los compromisos de disponibilidad de medios exigidos.

Asimismo, garantizamos que las entidades cuyos medios se podrán a disposición del contrato cumplen los requisitos exigidos y que dichos medios estarán efectivamente disponibles durante toda la ejecución del mismo.

En A Coruña, a 18 de febrero de 2026”.

A mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros acorda admitir a oferta presentada polo licitador MERAKI CR, S.L., con CIF B06909501, coa reserva de acreditar a integración de solvencia con medios externos na fase de adxudicación.

Posteriormente a Mesa de Contratación procede a apertura da documentación contida no Sobre B que contén a documentación cuxa ponderación depende dun xuízo de valor e acorda remitir a mesma a BASA DISEÑO Y CONSTRUCCIÓN S.L, representada polo arquitecto ISMAEL JOSE AMENEIROS RODRIGUEZ, redactor do proxecto, a fin de que sexa emitido informe coa valoración correspondente.

O 02 de marzo de 2026, con rexistro de entrada nº 2026-E-RE-292, a redactora do proxecto remite informe de valoración dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor recolle o seguinte:

“INFORME EVALUACION OFERTAS TÉCNICAS

Obra: REHABILITACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SILLED A

Situación: RECINTO FERIAL DE SILLED A

Promotor: CONCELLO DE SILLED A

Autores del proyecto: Santiago Rey Conde e Ismael Ameneiros Rodriguez

El presente documento se presenta como informe de valoración de las ofertas técnicas presentadas a la licitación de la mencionada obra, correspondiente al apartado “8.2.1.- Criterios avaliábles mediante un xuízo de valor, ata un máximo de 25 puntos” de los pliegos de contratación de la licitación de las obras.

ANTECEDENTES:

Con fecha octubre de 2025, se presenta proyecto correspondiente a las obras para la REHABILITACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SILLED A.

Con fecha diecisiete (17) de enero de 2026, el Concello de Silleda abre licitación pública para las mencionadas obras.

Con fecha veintitrés (23) de febrero de 2026, el Concello de Silleda solicita a los autores del proyecto, la elaboración del informe de evaluación de las ofertas presentadas a la licitación.

OBJETO DEL PRESENTE INFORME:

En base a los pliegos de la mencionada licitación (Expte. - 1884/2025. “REHABILITACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SILLEDA, RECINTO FERIA DE SILLEDA”).

Estando en tramitación el procedimiento de contratación de la obra denominada “REHABILITACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SILLEDA, RECINTO FERIA DE SILLEDA”, con fecha 20/02/2026 la mesa de contratación constituida al efecto procedió a la apertura del sobre B, que contiene las ofertas técnicas objeto de evaluación subjetiva.

Procediendo la evaluación de los criterios cuya cuantificación depende de un juicio de valor de conformidad con lo establecido en el pliego de cláusulas administrativas particulares, y considerándose necesario que la citada evaluación se lleve a cabo por técnico competente. Como técnico autor del proyecto, mediante acceso al expediente, se procede al análisis del proyecto y de las ofertas presentadas. según establece el punto 8.2.1. del Anexo I del PCAP, a “Criterios evaluables mediante un juicio de valor”.

CARACTERÍSTICAS DEL CONTRATO

1.-TÍTULO: “REHABILITACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SILLEDA, RECINTO FERIA DE SILLEDA, PONTEVEDRA A ADXUDICAR POR PROCEDEMENTO ABERTO. TRAMITACIÓN ANTICIPADA.

Código/s CPVs da nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea:

45300000-0: Trabajos de instalación en edificios

45200000-9: Obras de construcción de edificios completos o partes de edificios:

45400000-1: Obras de acabado de edificios

45210000-2: Obras de construcción de edificios

División en lotes: NON

Xustificación da non división en lotes do contrato: “NON PROCEDE A DIVISIÓN EN LOTES, de acordo co disposto no artigo 99.3. b da LCSP, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico e a división en lotes podería poñer en risco a correcta execución do mesmo ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións por unha pluralidade de contratistas diferentes.”.

Tramitación anticipada. SÍ. Contrato reservado de conformidade con la D.A. 4ª LCSP: Non

Necesidades administrativas para satisfacer mediante el contrato: As descritas no proxecto de execución.

2.- Órganos administrativos: Órgano de contratación: Denominación: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora: Aos efectos da presentación da factura electrónica de conformidade coa Lei 25/2013 de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público comunicamos o seguinte:

O Concello de SILLEDA co CIF P-3605200-I está adherido ao FACe cos seguintes códigos:

- L01360524 INTERVENCIÓN (Oficina Contable)
- L01360524 ALCALDÍA (Órgano Xestor)
- L01360524 CENTROS GESTORES (Unidade Tramitadora)

3.- Unidade encargada do seguimento e execución do contrato: Departamento de Urbanismo e Obras.

4.- Valor Estimado: 810.450,71 euros.

5.- Presuposto base de licitación e crédito no que se ampara: Presuposto base de licitación: 980.645,36 IVE engadido (810.450,71 1euros máis 170.194,65 euros de IVE). Tipo impositivo aplicado: 21%. Cofinanciación: Sí

Aplicación presupostaria: TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE GASTO, sometido a condición suspensiva da efectiva dispoñibilidade dos recursos cos que se pretende financiar.

6.- Revisión de prezos. Procede: NON

7.- Lugar e prazo de execución. Lugar de execución: consta identificado no proxecto.

Prazo de execución máximo: 7 meses

8.- Procedemento e criterios de adxudicación avaliados matematicamente:

8.1.- Procedemento: O contrato adxudicarase por procedemento aberto.

CRITERIO DE ADJUDICACIÓN SEGÚN PLIEGO DE LICITACIÓN

Criterios evaluables mediante un juicio de valor, hasta un máximo de 25 puntos.

Para la valoración de este apartado se tendrá en cuenta la documentación aportada por el licitador, valorando de la siguiente forma:

1. Análisis del proyecto y de la ejecución de las obras (De 0 a 13 puntos).

El licitador deberá demostrar que conoce y domina en profundidad el proyecto técnico que sirve de base para la licitación ajustándose a los requisitos mínimos establecidos. Para ello deberá describir como

mínimo los elementos singulares en cuanto a:

- a) Relación de fuentes de suministro de materiales, validación de estas, en su caso, y análisis de las necesidades de almacenamiento y de instalación auxiliares. Debiendo quedar acreditado mediante compromisos firmados por las empresas suministradoras, en los que se cite el nombre de esta obra. Hasta 3 puntos.
- b) Correcto Análisis de posibles afecciones al territorio, servicios preexistentes o personas. Hasta 3 puntos
- c) Descripción técnica adecuada de los trabajos a realizar. Hasta 3 puntos.
- d) Disposición adecuada de elementos auxiliares en la parcela o borde de la carretera (casetas de obra, grúas, contenedores, maquinaria, etc). Hasta 2 puntos.
- e) Circulación apropiada de personal y maquinaria por la obra. Hasta 2 puntos.

2. Actuación medioambiental: valoración hasta 12 puntos, con el siguiente desglose:

- a) Identificación de las unidades de obra y procesos constructivos que puedan generar impactos, las medidas a adoptar para su eliminación, disminución o corrección, así como el empleo de materiales con certificados de explotación sostenibles, reciclados o reciclables: Hasta 2 puntos
- b) Organización física de la obra: Hasta 2 puntos
- c) evaluación y la gestión de los residuos generados durante la ejecución de la obra: Hasta 3 puntos.
- d) Adecuación de las medidas de reciclaje de residuos sólidos y líquidos. Hasta 2 puntos.
- e) Justificación de la certificación ambiental de los materiales a emplear. Hasta 2 puntos.
- f) Descripción adecuada de los vertederos y centros de gestión de residuos. Hasta 1 puntos.

CRITERIO DE PUNTUACION UTILIZADO POR LOS TECNICOS FIRMANTES DEL PRESENTE DOCUMENTO:

MUY BUENO: 100%: información muy detallada respecto del pliego.

BUENO: 75 %: información bien detallada respecto del pliego.

SUFICIENTE: 50 %: información referenciada al pliego pero poco detallada.

INSUFICIENTE: 25 %: información poco referenciada al pliego y poco detallada.

MALO: 0 %: información no referenciada al pliego.

EMPRESAS PRESENTADAS:

CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U

CRUZVAL OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

MERAKI CR S.L.

ANALISIS DE LAS PROPUESTAS PRESENTADAS

CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U

Presenta una memoria estructurada según los dos apartados puntuables:

1.Análisis del proyecto y de la ejecución de las obras.

a) Presenta una relación de fuentes de suministro de materiales y validación de empresas, presentando acreditación mediante compromisos firmados por las empresas suministradoras citando el nombre de esta obra: cartas de empresas de cartón yeso, aislamientos, estructura metálica, hormigones, carpinterías de PVC, ascensor, áridos, empresa de instalación eléctrica, calefacción, alumbrado. Hacen un análisis de las necesidades de almacenamiento y de instalación auxiliares con una descripción y solución adaptada a la obra, demostrando el estudio del proyecto, su entorno y realidad construida. **BUENO.**

b) Presentan un análisis de posibles afecciones al territorio, servicios preexistentes o personas. El estudio incluye los horarios de funcionamiento del centro y la coordinación con la dirección del mismo la singularidad de las aulas de música, aparte de relatar los servicios afectados, sus incidencias, la recogida de residuos, señalización, accesos a obra y su control y proponiendo calendario de reuniones. **BUENO.**

c) Realiza una descripción técnica de los trabajos a realizar que componen el proyecto, analizando la obra por capítulos de actuación del presupuesto (actuaciones previas, cimentaciones, estructuras...etc). Presentan un cuadro de análisis de las operaciones simples que forman cada actividad y un protocolo de seguimiento de la ejecución con un diagrama de Gantt identificando rutas críticas, de cara a organizar la obra. **MUY BUENO.**

d) Presenta documentación gráfica y escrita para la justificación de una adecuada disposición de elementos auxiliares en la parcela. Menciona de forma concreta un apartado específico para acopios, instalaciones auxiliares, gestión de residuos, medios de elevación, movimiento de materiales y organigrama destinado a la obra. **BUENO.**

e) La justificación de la circulación apropiada de personal y maquinaria por la obra no tiene apartado específico en la memoria, si bien aparece mencionado en los apartados anteriores. **SUFICIENTE.**

2. Actuación medioambiental:

a) Memoria con descripción e identificación de unidades de obra y procesos constructivos que puedan generar impactos, las medidas a adoptar para su eliminación, disminución o corrección, así como el empleo de materiales con certificados de explotación sostenibles, reciclados o reciclables. Presenta relación de unidades con aspecto ambiental, su impacto ambiental y su magnitud. **SUFICIENTE.**

b) Breve descripción de la organización física de la obra con planos y memoria explicativa. **SUFICIENTE.**

c) Presenta un cuadro analizando la evaluación y la gestión de los residuos generados durante la ejecución de la obra. **SUFICIENTE.**

d) Descripción de la adecuación de las medidas de reciclaje de residuos sólidos y líquidos. **SUFICIENTE.**

e) Breve descripción de la justificación de la certificación ambiental de los materiales a emplear. **SUFICIENTE.**

f) Presenta buena descripción gráfica y memoria, de los vertederos y centros de gestión de residuos. **BUENO.**

CRUZVAL OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

Presenta una memoria estructurada según los dos apartados puntuables:

1. Análisis del proyecto y de la ejecución de las obras.

a) *Presenta una relación de fuentes de suministro de materiales y validación de empresas, presentando un anexo con las acreditaciones mediante compromisos firmados por las empresas suministradoras citando el nombre de esta obra: cartas de empresas de cartón yeso, aislamientos, estructura metálica, hormigones, ferralla, piezas prefabricadas de hormigón, impermeabilizaciones, carpintería de madera, pinturas, controles de calidad, gestión de residuos, carpinterías de PVC, áridos, empresa de instalación eléctrica, calefacción, alumbrado. Hacen un análisis de las necesidades de almacenamiento y de instalación auxiliares con una descripción y solución adaptada a la obra, demostrando el estudio del proyecto, su entorno y realidad construida, con memoria y gráficas. **BUENO.***

b) *Presentan un análisis de posibles afecciones al territorio, servicios preexistentes o personas. El estudio incluye servicios afectados, actividad del entorno, afecciones a peatones y vehículos, y un análisis del tráfico existente fuera de la parcela. Afección a viales y desvíos provisionales. **BUENO.***

c) *Realiza una descripción técnica de los trabajos a realizar que componen el proyecto, analizando la obra por capítulos de actuación del presupuesto (actuaciones previas, cimentaciones, estructuras...etc). Presentan un cuadro de análisis de las operaciones simples que forman cada actividad y un protocolo de seguimiento de la ejecución con un diagrama de Gantt identificando rutas críticas, de cara a organizar la obra. **MUY BUENO.***

